

1. Contesta.

a. Que son os servizos?

Son as actividades que non producen bens materiais e que van destinadas a atender as necesidades das persoas e das empresas.

E a terciarización?

É o incremento da importancia deste sector tanto polo seu volume económico coma pola cantidade de traballadores que emprega.

b. En que se diferencian os servizos públicos dos privados? (quen os ofrece, cal é a súa finalidade, distribución). Pon un par de exemplos de cada tipo.

* Os servizos públicos están financiados polo Estado co diñeiro que recada dos impostos. A súa finalidade é satisfacer as necesidades básicas da poboación aínda que non se obteñan beneficios.

* Os servizos privados: ofrécenos empresas privadas ou persoas particulares e páganos os consumidores. A principal finalidade das persoas que os prestan é obter un beneficio económico.

c. En que consiste a deslocalización dos servizos?

Consiste en que as empresas dos países desenvolvidos trasladan algúns dos seus servizos a países menos desenvolvidos, onde a man de obra é máis barata.

d. Indica as razóns polos que os servizos públicos son tan importantes.

Son importantes xa que satisfán necesidades de interese xeral, imprescindibles para o ben común (sanidade, cultura...). Ofrecerse de forma regular e continua, e antepoñen o benestar social ao beneficio económico.

Que é o Estado de benestar?

O feito de que o Estado se faga cargo de gran parte dos servizos básicos imprescindibles.

2. Interpreta o mapa.


a. Cales son as dúas zonas cun maior porcentaxe de poboación ocupada neste sector?

Norteamérica e a Unión Europea.

E as que menos? A África subsahariana e o S e SE asiático.

b. Indica 5 países con máis do 75 % de poboación ocupada no sector servizos.

EEUU, Australia, España, Alemaña, Suecia.



c. Indica outros 5 con menos do 25 % de poboación ocupada no sector servizos.

Nixer, Chat, Sudán do Sur, Etiopía, Somalia.

d. Existe unha relación entre o nivel de ingresos do país e ese porcentaxe? Explica.

Si, en xeral, os países cos maiores ingresos son os que teñen un porcentaxe maior de poboación ocupada no sector servizos (como se pode observar na contestación as preguntas b. E c.).

4. Contesta.

a. **Que é a OMC?** A organización mundial do comercio.

Cal é o seu obxectivo?

Lograr e regular acordos que faciliten o comercio internacional, eliminando barreiras comerciais (redución de aranceis) e prácticas desleais (vender a prezos máis baixos que os de produción).

b. **Indica a diferenza entre área de libre comercio e unión aduaneira e pon un exemplo de cada.**

* Nas área de libre comercio, o comercio está exento do pago de taxas aduaneiras e poden circular libremente. Cada país mantén a independencia en política comercial. Por ex. a TLCAN ou NAFTA.

* Nas Unión aduaneira ademais de eliminar os aranceis entre os membros, se establece unha política aduaneira común fronte a países non membros. Por exemplo, a Unión Europea (UE)

c. **Cales son as tres grandes áreas comerciais tradicionais?**

EEUU, a Unión Europea e Xapón, aínda que neste caso temos que ampliar esa área a todo o SL asiático (China, Corea do Sur, Taiwan...).

Que supuxo a irrupción de China no comercio mundial?

Que China superou ós EEUU e converteuse no líder do comercio mundial, con isto, o eixe China-EEUU converteuse na ruta comercial máis grande do mundo e o Pacífico superou ao atlántico.

5. Contesta e completa.

a. **Que é o comercio?**

É o conxunto de actividades de intercambio de bens e servizos entre produtores e consumidores.

b. **Enumera os factores que inflúen na actividade comercial.**

- O desenvolvemento dos transportes e das súas infraestruturas.
- A densidade de poboación. A maior poboación, maiores posibilidades de mercado.
- O nivel adquisitivo das persoas. A maior nivel, máis consumo.

c. O ___ **comercio interior** ___ comprende as actividades comerciais que se realizan dentro das fronteiras dun país.

Normalmente, no circuíto comercial interveñen dous tipos de intermediarios comerciais:

Os comerciantes ___ **polo miúdo ou retallistas** ___. Son comerciantes que venden directamente ao consumidor en cantidades pequenas.

Os ___ **Almacenistas ou comerciantes por xunto** ___. Son comerciantes ou empresas que compran grandes cantidades aos produtores para vendelas despois aos anteriores.

d. O ___ **comercio exterior** ___ comprende as actividades comerciais que se realizan entre países.

As compras de produtos estranxeiros chámanse ___ **importacións** ___ e os produtos que se venden a outros países son as ___ **exportacións** ___.

A diferenza entre elas reflíctese na ___ **balanza comercial** ___.

6. Completa a taboa.

OS TRANSPORTES						
	Medios de transporte	Infra-estructuras	Tipos	Ventaxes	Problemas	Principais redes ou rutas
Transporte terrestre (Estrada e ferrocarril)	o automóbil, tamén autocares e camiós.	Estradas, autoestrada, túneles, pontes,...	(non)	Comodidade e flexibilidade. Permite ir do orixe ao de destino.	Infraestruturas custosa. Maior número de accidentes. Contaminante. Conxestión	Europa, América do Norte, Xapón e Australia.
	Tren propiamente dito, metro e tranvía.l	As vías e as estacións.	(non)	Rápido, barato e seguro. Menos contaminante.	É pouco flexible: rutas fixas. Infraestruturas custosas.	
Transporte naval	Barcos e botes de todo tipo (cruceiros, petroleiros...)	Infraest. Portuarias: peiraos, guindastres ...	(non)	Barato e dende que existen os contedores, moi versatil.	Infraest. caras, rutas fixas, contaminante. Lento.	A do Atlántico norte, a do Pacífico e a mediterránea.
Transporte aéreo	Avións	Infresrtu. aeroportuari as	(non)	Rápido, seguro e cómodo	Capacidade limitada, alta contaminación (atmosférica, acústica). Infraestruturas custosas.	América do Norte, Europa e SL de Asia

7. Contesta.

a. Que é a rede de transportes?

É o conxunto de infraestruturas creadas para a circulación dos vehículos.

Que forma esta rede? Nodos (ciudades, estacións...); eixes ou liñas: as vías que unen os nodos.

b. Que características ten unha rede eficaz?

- Ser unha rede densa: cun elevado número de nodos e eixes.
- Ter unha ampla conectividade: todos os nodos teñen que comunicarse entre si
- Presentar unha boa accesibilidade: facilidade de acceso a un nodo desde outro calquera.

c. Explica que é unha infraestrutura internodal.


Infraestrutura de transportes onde conflúen polo menos dous modos de transporte nun mesmo lugar

Que vantaxes aportan?

Que os traslados de mercadorías e de persoas resulta máis eficaz ao aforrar tempo e gastos.

d. Indica o nome do tipo de rede de transporte

- Centralizada ou Radial
- Cuadrangular.
- lineal.
- Anárquica.



8. Observa os mapas.

Observa os mapas da densidade das diferentes redes de transporte: estradas e ferrocarriles, portos e aeroportos.

a. Cales son as tres zonas cunha maior densidade de medios de transporte?

Norteamérica (EEUU e sur de Canada), Europa e SL asiático.

b. Indica tres zonas cunha densidade baixa.

Selvas como a do Amazonas, desertos como o Sahara e as zonas polares de Canada ou Rusia.

Terán algo que ver os factores físicos con esta baixa densidade? Explica.

Si, como podemos observar na anterior resposta estas zonas correspóndense con desertos, os polos e selvas, zonas onde o clima condiciona unha moi baixa densidade de poboación.

c. Das tres zonas con alta densidade cal destaca en cada tipo de transporte? E cal ten unha densidade menor?

- Terrestre: A máis densa é Europa, e a menor SL asiático

- Marítimos: Destaca o SL asiático e a menor e norteamérica

- Aéreas: Destaca norteamérica e a menor é Asia (actualmente non esta claro entre Asia e Europa).

9. Contesta

a. Que é o turismo?

É todo desprazamento das persoas a lugares que se encontran fóra da súa residencia habitual por motivos de ocio, persoais, ou profesionais.

b. Indica un par de efectos positivos e outros dous negativos do turismo.

Efectos positivos	<ul style="list-style-type: none">- Crea oportunidades de negocio e empregos.- Dalle valor económico ao patrimonio natural e cultural.- Fomenta o coñecemento entre culturas.
Efectos negativos	<ul style="list-style-type: none">- O turismo litoral pode causar un grande impacto no medio (degradación de ecosistemas, presión sobre recursos naturais, aumento da contaminación...).- Ten un grande impacto sobre as sociedades tradicionais

c. Que tres grandes tipos de turismo coñeces? De ocio, por motivos persoais, profesionais.

Indica e explica dous subtipos de cada un dos tipos.

- De ocio: sol e praia (descanso xunto ao mar), cultural (monumentos, museos...)...

- Turismo de visita de amigos e familia, turismo de saúde (balnearios)...

- Turismo profesional: Turismo de congresos e convencións, turismo educativo e formativo...

d. Enumera as tres principais características dun turismo sostible.

- Conserva os recursos medioambientais.
- Respecta a cultura e os valores tradicionais, contribuindo ao entendemento intercultural.
- Garante actividades económicas a longo prazo que xeran ingresos e reducen a pobreza.

e. Cales son as tres principais rexións turísticas do mundo? Europa, SL asiático e norteamérica.

Indica os principais destinos de cada unha desas tres rexións.

Europa (España, Francia, Italia...), Asia (China, Tailandia, Malaisia), América (EEUU, México, Caribe)

De onde proceden os turistas?

Europa ocupa o primeiro lugar (52 %), a rexión de Asia segunda, e Pacífico e EEUU de terceiro.

10. Fai un gráfico cos seguintes datos e resposta as preguntas.

DATOS DE EVOLUCIÓN DO TURISMO INTERNACIONAL

1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
528	561	586	602	626	675	675	695	684	755	795	839	894	913	877	935	1000	1050

a. Cal foi a tendencia do turismo desde 1995?

A tendencia é positiva, o turismo internacional dobrase neses 17 anos

b. Que aconteceu no ano 2009? A que crees que se debeu?

No 2009 houbo unha caída que rompeu a tendencia positiva. Debeuse a crise económica deses anos

c. Como crees que sería a tendencia dende o 2012 ata a actualidade. Explica.

Continuaría medrando ata o 2020, nese ano, debido ao Covid, habería unha gran caída e despois volvería a medrar

(A gráfica farémola e corrixirémola o martes na clase)

11. Contesta.

a. Que son os servizos financeiros?

Os servizos que reúnen todas as actividades e negocios que se dedican a xestionar o diñeiro: o seu investimento, préstamo e aforro.

Cal é a súa función principal?

O desenvolvemento da actividade económica, xa que permite converter o aforro en investimento.

Cales son as institucións financeiras? Bancos, Caixas de aforros, as compañías de seguros...

b. Enumera e explica os dous tipos de medios de comunicación.

Os interpersoais	Poñen en contacto unha persoa con outra (por exemplo, o teléfono e o correo), e
os medios de comunicación sociais ou mass media	Informan e comunican ao público en xeral (por exemplo, a prensa escrita, a radio, o cine e a televisión).

Internet é á vez un medio de comunicación interpersoal e social.

c. Que son as TIC?

As Tecnoloxías da Información e da Comunicación

Que cambios produciron?

Grandes cambios na economía (novas formas de facer negocios, como o comercio electrónico), a organización do traballo (videoconferencias, teletraballo), a cultura, o coñecemento e o ocio.

12. Contesta.

a. Que tipos de servizos a empresas hai? Explica e pon exemplos.

- Servizos intensivos en coñecemento (terciario superior): asesoramento fiscal e xurídico, mercadotecnia, servizos informáticos...
- Servizos operativos (ou tradicionais): servizos de limpeza, seguridade, transporte...

b. Que son os servizos persoais?

Son os que se ofrecen directamente a unha persoa ou a un grupo reducido para o seu uso e gozo persoal.

Indica os principais e pon exemplos.

- Servizo doméstico: empregados do fogar.
- Actividades de mantemento e reparación: pintores, fontaneiros...
- Servizos profesionais independentes: avogados, arquitectos, decoradores, artistas,...
- Outros servizos: salóns de beleza, florarías, balnearios, lavanderías, funerarias, etc.

c. Que son os servizos sociais? De quen son responsabilidade?

Son os servizos, axudas económicas e outras actuacións destinadas a mellorar o benestar da cidadanía.

Son responsabilidade das institucións do Estado (gobierno, CCAA, concellos...)

A que persoas e colectivos se dirixe?

Se diríxense ás persoas e os colectivos máis vulnerables: os maiores, os menores de idade e as mulleres en situación de dependencia, as persoas con discapacidade, os toxicómanos os ex-reclusos, os inmigrantes e as minorías étnicas, as persoas sen fogar..

Cal é a súa finalidade?

A súa finalidade é asegurar a todos eles un nivel de vida digno, unha contorna de convivencia adecuado, o desenvolvemento pleno das súas capacidades e a súa integración e participación na sociedade.

Pon algúns exemplos de servizos sociais?

As residencias de maiores e os centros de día, as vivendas tuteladas para menores ou para persoas cunha enfermidade mental, os centros de atención e protección ás mulleres maltratadas, os comedores sociais, a axuda domiciliaria a persoas que non poden valerse por si mesmas...